

HARKAITZ CANO

Pasaia blues

Traducido por Isaac Xubín



Hugin e Munin

I

—*Abra sua mão, senhor, mim lerá seu futuro.*

Malia que era decembro ía moitísima calor. Esquivando todas aquelas quiromantes, videntes e pitonisas de cartas que, unha tras doutra, se interpuñan no seu camiño, César Tellería quitou unha foto do peto e comparouna coa muller que camiñaba pola outra beirarrúa. Era sen dúbida a mesma persoa, a muller que el coñecía como Verónica. César traía as costas enchoupadas por culpa da chaqueta: escollera aquela mendada cun parche escocés porque tiña os petos grandes e o retrato de Verónica encaixaba neles á perfección, sen necesidade de dobralo. Arrepentiuse de inmediato de non a deixar na pensión.

Dezembro tropical, leu na portada dun xornal.

—*Abra a mão, senhor, vou-lhe ler o futuro. São cem escudos. Só cem escudos, senhor.*

—Déixeme, vella, déixeme, teño présa!

Perdera de vista a moza. Era cedo e os locais de fado, malia que pechados, mantiñan as portas entornadas para ventilaren. *Rua do Norte*. Botaría en falla aquelas rúas retortas da cidade. Quitou as lentes de sol e examinou as inmediacións con ansiedade. Cando xa estaba a piques de desistir, a luz indirecta que se reflectía nas xanelas iluminou un aceno que recoñecería entre centos. Alí estaba. Verónica, un alfinete vistoso entre a multitude. Tamén ela camiñaba agora ás présas. Levaba unha maleta negra, con

bordos niquelados, o tipo de estoxo que empregan os fotógrafos. A muller virou cara a unha rúa aínda máis estreita e, tras comprobar que non a seguían, atravesou unha cortina de doas e entrou nun baixo. César agardou por ela. Prendeu un misto e acendeu un pito. Púxose a fumar con dous dedos, en tesoiras. Cómpre cortar coas cousas axiña. Non serve de nada mendar despois. Tesoiras, navallas, agullas, convén ter á man certos obxectos punxentes. Fumaba así, con dous dedos, e cando aspiraba o fume, bicaba aseme os dedos medio e furabolos, coma quen aloumiña a embocadura dun instrumento musical. Dificilmente poderá forxar unha personalidade quen non ostente un repertorio xestual. Prender un cigarro con dous dedos e fumalo tamén con dous dedos, en tesoiras. Unha decisión. Chamalo estilo sería excesivo. Ese pequeno repertorio formado pola suma de pequenas decisións estéticas netamente arbitrarias é quizais o único que nos foi dado para seducir os amigos e cativar os inimigos.

Agardou que a muller saíse. Esperar era parte do seu traballo; de feito, era o único que facía o máis do tempo. Cando Verónica saíu do baixo, César anotou o número, o enderezo do lugar, cuxa entrada semellaba, con aquela cortina de rosarios encadeados, a antesala dun depósito de mobles decadente. Afanouse de novo tras os pasos da muller. Verónica colleu un taxi. César fixo o mesmo.

—Siga ese taxi.

O taxista deu por sentado que era unha chufa e César non tivo máis remedio que amosarlle unha carnada en forma de billetes enrodelados. Non hai nada como achegar aos fociños do can unha peza de roupa da vítima que ten que rastrexar. O primeiro taxi detívose fronte a unha axencia de viaxes da que Verónica saíu ao cabo de poucos minutos cuns billetes de avión. Despois regresou ao hotel sen desprenderse do estoxo de bordos niquelados.

